

Nigrán acollerá no Pazo da Touza un curso sobre "Trastornos da personalidade".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 28 Outubro 2011 18:24



Unha actualización sobre os estudos das patoloxías derivadas do trastorno severo da personalidade congregará a máis de 70 profesionais da psiquiatría en Nigrán. Os mesmos recibirán un curso que afondará no chamado "trastorno límite" ou síndrome do "establemente inestable". Un trastorno que afecta ao 2% da poboación, segundo o Foro Galego para o Estudo da Personalidade. O encontro baixo o nome "Onde está o límite?, dificultades no diagnóstico co-ocorrenza e tratamento do TP límite", intentará capacitar no tratamento dun problema que segundo a estatísticas médicas leva ao suicidio ao 10% dos pacientes afectados.

Características do trastorno

Segundo os organizadores do curso, o problema está caracterizado pola "fraxilidade emocional e a impulsividade explosiva". A maioría das veces non é completo, sendo o máis frecuente que se sufra en dous ou tres dos seguintes síntomas:

- 1) Identidade inestable: trastorno do si mesmo, con preguntas tales como: non se quen son, non se como son os outros, non sei a que grupo pertenzo.
- 2) Ira inapropiada e agresividade explosiva intermitente, fundamentalmente por baixo control de emocións, amplificación dos sinais negativos da contorna. Inestabilidade afectiva, tormentas afectivas con angustia, ira, depresión moi intensas.
- 3) Impulsividade, imprudencia e risco para si mesmo ou terceiros (condución, consumo de sustancias, sexualidade, gasto, etc.).
- 4) Autolesiones, chegando a automutilacións e suicidio.

Nigrán acollerá no Pazo da Touza un curso sobre "Trastornos da personalidade".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 28 Outubro 2011 18:24

5) Relacións interpersoais intensas pero inestables: idealizan ao outro e queren fusionarse co outro, pero ante a mínima decepción rompen estrepitosamente pero á vez non soportan o abandono polo que actúan aparatosamente para recuperar a atención do outro, provocando maior afastamento do outro.

6) Episodios fugaces de disociación e distorsión cognitiva, chegando a ter momentos de paranoia.

7) Sentimento crónico sen carga: non atopan sentido a nada, abandonan todo o que empezan, sente literalmente baleiros.

O seu cerebro funciona dalgún xeito como o dun adolescente, tendo moita dificultade para controlar impulsos e regular emocións.

Cobertura médica en Galicia.

O tratamento precisa unidades especializadas que non existen en Galicia. Polo contrario en Madrid hai sete e en Cataluña outras tantas. Deste xeito os pacientes entran por urxencias unha media de seis veces ao ano, informan, consumindo recursos e persoal, descompensando o servizo, e saturando as unidades de saúde mental, e volvendo ingresar xeralmente por episodios de descompensación aguda, e volven ser dados de alta, padecendo a síndrome da "porta xiratoria" (entran e saen varias veces ao ano de agudos). O Foro Galego para o Estudo da Personalidade leva desde a súa fundación, no ano 2003, traballando para incorporar as unidades especializadas para o tratamento de trastornos de personalidade dentro do SERGAS.

O curso

O curso correrá a cargo de Vicente Rubio Larrosa, psiquiatra xefe do Servizo de Psiquiatría Nuestra Señora de Gracia (Zaragoza), xefe da Unidade de Tratamento da Personalidade e expresidente da Sociedad Española para el Estudio de los Trastornos de Personalidad. Tamén participarán o psiquiatra Marc Ferrer, psiquiatra coordinador do Programa PAI-TLP "La Caixa", no Hospital Universitari Vall d'Hebrón e profesor asociado de Psiquiatría na Universidade

Nigrán acollerá no Pazo da Touza un curso sobre "Trastornos da personalidade".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 28 Outubro 2011 18:24

Autónoma de Barcelona; Cesare Maffei, psiquiatra xefe de Servizo de Psicoloxía Clínica do Instituto Científico del Hospital San Raffaele (Milán), profesor de Psicoloxía da Universidade co mesmo nome e expresidente da Sociedad Internacional de Trastornos de la Personalidad (ISSPD); Leonelo Forti, psiquiatra e consultor do Hospital Povisa (Vigo) e José M. Olivares, psiquiatra do Servizo de Psiquiatría del CHUVI.

O curso é o quinto consecutivo que organiza o Foro Galego para o Estudo da Personalidade. Nesta ocasión, a primeira vez en Nigrán, contará coa colaboración da Asociación Galega de Psiquiatría, a Sociedad Española para el Estudio de los Trastornos de Personalidad e mais o Concello de Nigrán.